ANTONIO VIVALDI

Naceu en Venecia (Italia) en 1678 e morreu aos 63 anos en Viena (Austria)
Era coñecido como " **Il prete rosso**" (o cura rojo) pola cor do seu pelo e porque era cura.

Tamén era **violinista** e foi profesor de música nun colexio de nenos orfos.

O que máis lle gustaba era compoñer e tocar o violín.
Vivaldi compuxo máis de 600 obras.

"As catro estacións" é o título dunha das súas obras máis coñecidas.

Esta obra estaba formada por catro concertos para **violín e orquestra** , un para cada estación. Nesta obra, Vivaldi buscaba imitar os sons da natureza cos instrumentos de corda: **violín, viola, violonchelo e contrabaixo**

Canto sabes sobre Antonio Vivaldi?

1. Onde naceu Vivaldi?

2.- Por que lle chamaban " Il prete rosso?

3.-Que instrumento tocaba?

4. Que era o que máis lle gustaba a Vivaldi?

5. Cantas obras musicais compuxo?

6. Cal é a obra máis coñecida?

7. Que instrumentos aparecen nesta obra?

8. Que quería imitar con eses instrumentos?

9. Marca os recadros correctos. *Vivaldi era?*

profe de música

compositor

profe de matemáticas

violinista

pianista

cura

director